

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006419	Montecelo	Pontevedra	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CMSAN02	Farmacia e parafarmacia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0102	Dispensación de produtos parafarmacéuticos	2020/2021	0	210	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO JAVIER TOBÍO OTERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.
RA2 - Selecciona produtos sanitarios e biocidas tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e a demanda ou prescrición, e describe as súas características.
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.
RA4 - Selecciona produtos para a hixiene bucodental, tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e as necesidades da persoa usuaria.
RA5 - Selecciona produtos de alimentación e dietéticos, e xustifica o seu uso en situacións fisiolóxicas e de requisitos nutricionais especiais.
RA6 - Dispensa produtos de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica, e describe as súas características e as súas aplicacións.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciouse entre produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos.
CA1.3 Detalláronse os tipos de produtos, materiais e equipamentos de parafarmacia que poidan satisfacer as demandas.
CA1.4 Distinguíronse os produtos do catálogo de material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica de uso máis habitual en establecementos de farmacia, parafarmacia e ortopedia.
CA1.6 Identificouse o réxime de subministración e dispensación de produtos de parafarmacia incluídos no financiamento do Sistema Nacional de Saúde e outras entidades aseguradoras.
CA1.7 Interpretouse a información técnica do produto e os símbolos do material de acondicionamento.
CA2.1 Clasificáronse os produtos sanitarios.
CA2.2 Describiuse a utilidade dos produtos sanitarios para a prevención, o control, o tratamento ou o alivio de doenzas ou lesións, a corrección de deficiencias e a regulación da concepción.
CA2.3 Asociouse o produto sanitario á demanda ou á necesidade da persoa usuaria.
CA2.5 Clasificáronse os axentes biocidas.
CA2.6 Diferenciáronse os axentes biocidas e as súas aplicacións.
CA2.7 Describíronse as accións específicas de antisépticos e desinfectantes.
CA2.8 Recoñecéronse as infestacións parasitarias susceptibles de seren tratadas con axentes biocidas.
CA3.1 Describiuse a estrutura e a fisioloxía da pel e dos anexos cutáneos.
CA3.2 Identificáronse as alteracións susceptibles de consulta médica.
CA3.3 Clasificáronse os produtos dermofarmacéuticos.
CA3.4 Describíronse as características e as prestacións dos produtos utilizados en dermofarmacia.
CA3.5 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Identifícanse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.7 Descríbense as características e as aplicacións dos produtos utilizados na fotoprotección.
CA3.8 Formalizouse a ficha de cosmetovixilancia ante reaccións adversas producidas por produtos cosméticos utilizando os programas informáticos axeitados.
CA3.9 Identifícanse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.
CA4.1 Identifícanse as condicións de saúde bucodental.
CA4.2 Recoñécéronse trastornos bucodentais que requiran consulta médica.
CA4.3 Clasifícanse os produtos para a hixiene bucal e dental en función das súas aplicacións.
CA4.4 Descríbense as condicións de uso dos produtos para a hixiene bucal e dental.
CA4.5 Diferenciouse entre produtos con rexistro DENT e produtos cosméticos utilizados para a hixiene bucal e dental.
CA5.1 Descríbense os grupos de alimentos e nutrientes, e as súas principais funcións.
CA5.2 Identifícanse os grupos de idade con requisitos de alimentación e nutricionais especiais.
CA5.3 Analizáronse os requisitos de alimentación e nutricionais en situacións fisiolóxicas especiais e patolóxicas.
CA5.4 Recoñécéronse os tipos de dietas utilizadas en dietoterapia.
CA5.5 Diferenciáronse os preparados dietéticos utilizados en situacións fisiolóxicas especiais.
CA5.6 Valoráronse os efectos que poida ocasionar sobre a saúde o uso inadecuado de produtos dietéticos.
CA6.1 Clasificouse o material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica habitual en establecementos e servizos farmacéuticos e parafarmacéuticos.
CA6.2 Relacionáronse as necesidades das persoas usuarias coas prestacións do produto.
CA6.4 Identifícanse as condicións de dispensación do material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica.
CA6.6 Indícase o modo de uso e as precaucións dos produtos ortopédicos, protésicos e ópticos.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Aplica protocolos de dispensación de produtos parafarmacéuticos, tras interpretar a prescrición ou a demanda.
RA2 - Selecciona produtos sanitarios e biocidas tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e a demanda ou prescrición, e describe as súas características.
RA3 - Selecciona produtos dermofarmacéuticos en relación coas necesidades de coidado e protección da pel, do cabelo e dos anexos cutáneos.
RA4 - Selecciona produtos para a hixiene bucodental, tendo en conta a relación entre as súas aplicacións e as necesidades da persoa usuaria.
RA5 - Selecciona produtos de alimentación e dietéticos, e xustifica o seu uso en situacións fisiolóxicas e de requisitos nutricionais especiais.
RA6 - Dispensa produtos de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica, e describe as súas características e as súas aplicacións.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciouse entre produtos farmacéuticos e parafarmacéuticos.
CA1.2 Identificáronse os casos en que cumpra remitir a persoa usuaria á consulta médica.
CA1.3 Detalláronse os tipos de produtos, materiais e equipamentos de parafarmacia que poidan satisfacer as demandas.
CA1.4 Distinguíronse os produtos do catálogo de material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica de uso máis habitual en establecementos de farmacia, parafarmacia e ortopedia.
CA1.5 Localizouse o produto parafarmacéutico na base de datos correspondente.
CA1.6 Identificouse o réxime de subministración e dispensación de produtos de parafarmacia incluídos no financiamento do Sistema Nacional de Saúde e outras entidades aseguradoras.
CA1.7 Interpretouse a información técnica do produto e os símbolos do material de acondicionamento.
CA1.8 Informouse con claridade e concisión sobre as características e o modo de uso do produto.
CA1.9 Transmítiuse información con claridade, orde e precisión.
CA2.1 Clasificáronse os produtos sanitarios.
CA2.2 Describiuse a utilidade dos produtos sanitarios para a prevención, o control, o tratamento ou o alivio de doenzas ou lesións, a corrección de deficiencias e a regulación da concepción.
CA2.3 Asociouse o produto sanitario á demanda ou á necesidade da persoa usuaria.
CA2.4 Interpretáronse instrucións de uso de materiais e equipamentos sanitarios.
CA2.9 Tratouse a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.
CA3.5 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o coidado e a protección da pel e os anexos cutáneos, segundo os tipos e a idade
CA3.6 Identificáronse os produtos dermofarmacéuticos para o tratamento de problemas relacionados coa pel e cos anexos cutáneos, segundo a idade
CA3.9 Identificáronse as necesidades da persoa usuaria e determináronse os produtos dermofarmacéuticos que a poidan satisfacer.
CA4.2 Recoñecéronse trastornos bucodentais que requiran consulta médica.
CA4.5 Diferenciouse entre produtos con rexistro DENT e produtos cosméticos utilizados para a hixiene bucal e dental.
CA5.7 Demostrouse interese por atender satisfactoriamente as necesidades dos pacientes.
CA6.1 Clasificouse o material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica habitual en establecementos e servizos farmacéuticos e parafarmacéuticos.
CA6.2 Relacionáronse as necesidades das persoas usuarias coas prestacións do produto.
CA6.3 Identificáronse os casos en que cumpra remitir a persoa usuaria á consulta médica.
CA6.4 Identificáronse as condicións de dispensación do material de ortopedia, prótese, audioprótese e óptica oftálmica.
CA6.5 Interpretouse a información técnica dos produtos.
CA6.6 Indicouse o modo de uso e as precaucións dos produtos ortopédicos, protésicos e ópticos.

Criterios de avaliación do currículo

CA6.7 Tratouse a persoa usuaria con cortesía, respecto e discreción.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva:

Oficiña de farmacia. Produtos parafarmacéuticos. Produtos sanitarios. Ortopedia e prótese. Óptica e audioprótese. Produtos: para a incontinencia urinaria, xinecolóxicos e anticonceptivos. Insuficiencia venosa: varices e produtos de contención elástica. Aparataxe, equipos e sistemas de medición. Nutrición. Alimentación. Alimentacións: enteral, domiciliaria e dietoterápica. Situacións especiais. Alimentación infantil. Produtos de puericultura. Hixiene do bebé. Cosmética infantil. Biocidas. Produtos odontolóxicos. Produtos cosméticos. Dermocosmética: produtos e tratamentos. Radiacións e produtos solares. Anomalías, patoloxías e hixiene capilares. Cosmética masculina.

Criterios de cualificación:

Artigo 14. Avaliación e cualificación final das probas libres

1. A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante en cada un dos módulos profesionais será numérica, entre un e dez, sen decimais O profesor do módulo profesional cualificará cada proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

2. A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

a) Primeira parte:

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita de 50 preguntas tipo test, de resposta múltiple con cinco posibles respostas: O tempo total adxudicado para a realización desta primeira parte da proba será de 90 minutos.

Cada pregunta correcta cualifícase con 0,20.

Cada dúas preguntas erradas restarán unha pregunta correcta, é dicir que cada pregunta errada restará 0,1, mentras que as preguntas deixadas en branco non restarán.

O profesor-a do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos.

Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Finalizada esta primeira parte da proba, a comisión de avaliación exporá dentro das 48 horas seguintes á proba a cualificación obtida no taboleiro de anuncios do IES Montecelo.

As persoas que non superen a primeira parte da proba quedarán eliminadas da proba libre e non farán a segunda parte da proba, nestes casos cualifícase con cero a segunda parte da proba a efectos de facer a media aritmética das dúas partes e obter a cualificación final do módulo.

Nota: a/o aspirante acudirá a esta proba provisto do seu D.N.I. e bolígrafo de cor negra ou azul.

4.b) Segunda parte da proba

b) Segunda parte:

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O tempo total adxudicado para a realización desta segunda parte da proba será de 90 minutos.

O profesor do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Finalizada esta segunda parte da proba, a comisión de avaliación exporá as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES Montecelo.

Nota: a/o aspirante acudirá a esta proba provisto do seu D.N.I. e bolígrafo de cor negra ou azul.